

**PLAN DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS DE
FÍSICA E QUÍMICA PENDENTES.
CURSO 2024-2025**

<p>Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.</p>	<p>O alumnado que promocionou de curso sen ter superada a materia de Física e Química de 2º ou de 3º ESO, estará avaliado exclusivamente polo profesorado encargado da súa materia de física e química no grupo onde cursa actualmente, ou ben pola xefa do departamento se o alumno ou alumna non está a cursar ningunha materia de física e química no curso actual.</p> <p>A xefa do departamento estará ao dispor dese profesorado e será informada de cales foron os resultados parciais e finais da avaliación do alumnado implicado.</p>
<p>Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O currículo para desenvolver e os criterios de avaliación <u>serán os mesmos que para o resto do alumnado que cursa a materia no curso académico actual.</u> • Realizaranse dous exames parciais, e un de recuperación final se fose necesario, que serán nos meses de novembro, febreiro e maio. De non superar algún dos dous parciais o alumnado realizará o exame final de recuperación no mes de maio (terceira proba). • Os alumnos que aproben algunha das partes so farán no exame final o parcial correspondente á parte suspensa. • Para a cualificación de cada parcial o 30% da nota corresponderá á realización das tarefas propostas e un 70% da nota corresponderá á nota do exame parcial. • Para aprobar as partes así como a materia, o alumnado debe obter unha nota igual ou superior a cinco sobre dez. • A nota correspondente á terceira avaliación corresponderase coa media aritmética da primeira e segunda parte en caso de telas aprobadas, ou ben, coa media da nota obtida na recuperación de maio en caso de suspender algunha ou todas as partes. • A proba de recuperación final no caso de non ter superada a materia realizarase antes do 21 de xuño.
<p>Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento</p>	<p>Procurarase que as actividades de reforzo sexan proporcionadas ao alumnado espaciadas no tempo, seguindo unha periodicidade semanal e elixidas co fin de afondar nos aspectos e destrezas máis relevantes da materia. Procurarase facilitar as tarefas acompañadas de resumos o esquemas dos contidos de cada unidade didáctica.</p>
<p>Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.</p>	<p>Os recursos utilizados serán os mesmos que para o resto do alumnado: libro de texto, material disponible na Aula Virtual...</p>
<p>Tarefas para realizar, coa debida temporalización</p>	<p>Exercicios variados de cálculo, preguntas de razoamento, problemas para resolver, etc...que deberán ser entregados polo alumnado no prazo establecido e corrixidos polo profesor encargado da materia seguindo o calendario de probas de recuperación establecido polo departamento.</p>
<p>Seguimento e avaliación.</p>	<p>O seguimento das actividades será semanal e o das probas de recuperación trimestral coincidindo coas xuntas de avaliación</p>
<p>Acreditación da información á familia.</p>	<p>Farase en principio ao través do titor do grupo do alumno</p>